

Criterios de avaliación



1	<i>Son quen de buscar información de calidade sobre un tema? Sei os pasos que teño que dar para encontrar datos ou reflexións sobre o que aspecto que necesito?</i> Identificar e seleccionar información para construír e crear o seu propio coñecemento cos medios axeitados. Preténdese identificar e avaliar se o alumnado é capaz de buscar e analizar información para acadar un nivel de coñecemento superior. Valorarase así mesmo a capacidade de coñecer como se produce a procura de información, os métodos de investigación, o emprego de recursos para chegar a crear coñecemento.
2	<i>Como me relaciono cos demais formando equipos de traballo? Controlo os procedementos de foros de debate, chats, reparto de tarefas...? Coñezo as redes sociais que me poden ser útiles? Sei defenderme dos perigos asociados as redes sociais?</i> Empregar as tecnoloxías da información para crear coñecemento a partir de compartir e comunicar as súas ideas en grupo. Este criterio pretende avaliar o coñecemento e o emprego das redes de comunicación á hora de expoñer e traballar con outros, ser capaz de compartir, chegar a conclusións.
3	

<i>Son consciente do que supón a manipulación da información? Teño claro como os modos de vida das diferentes sociedades e grupos sociais está condicionado pola accesibilidade á información e ás posibilidades de comunicación? Entendo as causas da diferenza de acceso e control da información?</i>	Analizar a influencia dos medios no desenvolvemento da sociedade da información e na vida cotiá. Este criterio pretende avaliar a visión crítica que ten o alumnado á hora de analizar, avaliar e valorar a importancia dos medios tecnolóxicos no desenvolvemento da sociedade en xeral e da influencia que ten na súa vida cotiá.
4	
<i>Respecto as produccions doutras persoas e sigo as boas prácticas na reprodución e transmisión da información? Valoro as consecuencias dos datos, informacions, xuízos, imaxes e demais que incorporo a Internet?</i>	Identificar as responsabilidades no emprego da información e das tecnoloxías. Este criterio pretende avaliar o sentido ético á hora de crear e difundir información a través de diferentes medios e producida con diferentes ferramentas.
5	
<i>Teño elementos para avaliar a fiabilidade dun sitio web e da información que ofrece? Contrasto as informacions? En que medios e fontes se basean os meus coñecementos?</i>	Analizar as diferentes mensaxes que recibimos a través de diferentes medios e formatos, identificando a súa intencionalidade e usabilidade de cara a ter unha opinión obxectiva do mundo que nos rodea. Mediante este criterio preténdese comprobar que o alumnado é quen de ser crítico á hora de identificar e analizar as diferentes mensaxes que nos chegan a través do mundo audiovisual.

6	
<i>Como elaboro e presento os traballos nos que participo? Con cantos recursos conto para comunicar eficientemente os meus coñecementos? Que dificultades teño para manexar ferramentas dixitais?</i>	Seleccionar de xeito eficaz e eficiente as ferramentas que se empregarán no desenvolvemento das tarefas. Con este criterio preténdese comprobar a idoneidade no emprego das diferentes ferramentas que teñen ao seu alcance á hora de buscar, filtrar, analizar e almacenar información, e á hora de producir e crear as súas propias mensaxes.
7	
<i>Limítome a copiar e reproducir ou achego algo novo ao coñecemento común?</i>	Crear e elaborar produtos orixinais empregando as TIC. Preténdese avaliar a capacidade de elaboración de materiais propios por parte do alumnado, tendo en conta aspectos éticos, legais e accesibles como base á hora de crear e compartir coñecemento.